

Ramiro Fonte

Poesía

Traballo realizado por Paula Bayón Buján 2BACHA

Ramiro Fonte



Licenciado en Filosofía e Letras e profesor de Lingua e Literatura Galegas, foi poeta, narrador, ensaísta, crítico e estudoso da literatura galega. Foi un dos fundadores do colectivo poético Cravo Fondo (1977) e participou na fundación da revista Dorna en 1981.

Fonte foi unha das voces máis importantes da chamada *Xeración dos 80*.

Ramiro Fonte. Biografía (2)



Como narrador deuse a coñecer en 1986 con o relato "O retornado".

Foi membro correspondente da Real Academia Galega. Dende 2004 e hasta o final da súa vida foi director do Instituto Cervantes en Lisboa

A súa obra poética consiste nas seguintes obras:

- *As cidades da nada*, 1983.
- *Designium*, 1984.
- *Pasa un segredo*, 1988.
- *As lúas suburbanas*, 1991.
- *Adeus norte*, 1991. Premio Esquíó de poesía.
- *Luz do mediodía*, 1995.
- *Persoas de amor*, 1995.
- *O cazador de libros*, 1997.
- *Mínima moralidade*, 1998. Premio Miguel González Garcés
- *Capitán Inverno*, 1999.
- *A rocha dos proscritos*, 2001.
- *Xardín do pasatempo*, 2008.

Poemas musicados



O guitarrista e compositor Víctor Aneiros musicaliza o poema Na barra, no seu álbum “Heroe Secreto”.

No seu álbum Brétemas da Memoria, musicaliza 7 poemas de Ramiro Fonte: “Vida bohemia”, “Sombras de Compostela”, “Autor de westerns”, “Máis alá”, “Un tute á morte”, “Cabina telefónica” (Lupanar de cristal) e “Rita Hayworth” (Sirenas da policía).

Tamén, a compositora Sofía Oriana Infante musicalizó en 2008 “O cazador de libros”, poema que Ramiro dedicou a Jose Antonio Infante, padre da compositora.

Os nenos de Europa

Estes nenos que xogan ó balón

Xunto ás mortas ruínas dunha casa

Bombardeada;

Alleos á convulsa paisaxe que os
circunda,

Ignorantes do que pasou na guerra,

Son os nenos de Europa.

Estes nenos que xulgan, con ledicia,

A perfección do branco trasatlántico

Que aparece no porto,

Porque non saben o que significan

Certas palabras

Como lonxe, decenios ou periplos,

Son os nenos de Europa.

Estes nenos que amosan

As cifras tatuadas nos seus brazos;


Viúvos para sempre da tristura

Porque eles xa cruzaron a fronteira

Das terras habitadas soamentee

Os nenos de Europa

- Protagonismo na infancia do ser humano que actúa como prototipo universal da experiencia humana. Protagonista colectivo, anónimo e débil representado nos nenos, inxenuos e inocentes.
- Imaxines cheas de verosimilitude, en un tempo e espazo próximos: Europa do século XX
- Experiencias tráxicas, comúns á época: emigración, guerra e a noso presente como consecuencia dun pasado tráxico e traumático



Os nenos de Europa

Poema dividido en dúas partes:

- Primeira parte: composta de catro estrofas, referidas a catro experiencias: guerra, emigración, holocausto e posguerra. Descrición dun mundo en guerra del que emana unha dramática recuperación
- Segunda parte: persistencia xeracional de temores e inquietudes seculares. As catro primeiras estrofas en verso branco posúen intensidade crecente



Os nenos de Europa

- A imaxe que recibe o lector é a dun escenario bélico no que uns nenos alleos o pasado e ignorantes das traxedias, xogan a pelota (relato neorrealista)
- Crítica da perda da memoria histórica, indolencia dos seres humanos fronte a dor do veciño

